




# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A Resolución Rectoral do 11 de xullo de 2003, convocatoria de matrícula para o curso 2003/2004, recolle no parágrafo 3.7.6: "...o Rectorado propiciará a consecución dos créditos de libre elección por parte dos alumnos". No ANEXO I da citada convocatoria, no punto VII, establécese o prazo de matrícula en materias de libre elección do 2º cuatrimestre sen límite de prazas, que será do 1 ó 31 de marzo.

Á vista das prazas vacantes en materias do 2º cuatrimestre sometidas a preinscripción, e co fin de conxugar os principios xerais de adxudicación de prazas en función da media do expediente e co obxectivo de facilitar a matrícula ós alumnos, este Rectorado

## RESOLVE:

PRIMEIRO.- Os alumnos poderán inscribirse nas materias ofertadas para a libre configuración do 2º cuatrimestre nas que resultaron prazas vacantes trala convocatoria ordinaria de matrícula. O prazo de matrícula é do 1 ó 31 de marzo.


SEGUNDO.- Se rematado o prazo figuraran inscritos nalgunha materia máis alumnos que as prazas ofertadas, estas adxudicaranse en función da media do expediente entre os alumnos inscritos.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2004

O REITOR

(P.d.r.r do 27 de febreiro de 2004)

**O VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO**



Cástor Méndez Paz

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SR/A XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR/A XESTOR ACADÉMICO DE CENTRO - OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.